

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 3 DE NOVEMBRO DE 2025

Dá comezo a xuntanza ás 09:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pereiro Rozas Arturo Jose, Taboada Antelo Pablo, Rodil Rodríguez Eva, López Pérez Miguel Antonio, Guisantes Alonso Miguel, Cifuentes Martínez José Manuel, Fernández Escribano José Ángel, Estévez Saa Margarita, Neira Gómez María Isabel, Porto Castro Ana María, González Diaz Julio, López Gómez Carolina

Desculpan asistencia: Jannette Rodríguez Pallares, Juan Manuel Monterroso Montero.

ORDE DO DÍA

Punto único: Informe ao recurso de alzada presentado por D^a. Marta Vilar Sánchez

A reclamación presentada pola doutoranda D^a. Marta Esther Vilar Sánchez impugna a desestimación parcial da súa solicitude orixinal, que se recolle no informe elaborado pola Comisión de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS).

Nesta solicitude inicial realizada por parte da doutoranda solicitábase a baixa do Prof. Ricardo Lage Fernández como director da súa tese de doutoramento, fundamentada na existencia dun conflito interpersonal de importancia entre eles. Como consecuencia, esta solicitude presentada circunscribíase exclusivamente ao ámbito académico.

Na documentación presentada pola doutoranda para apoiar a súa solicitude inicial figuraba diversa documentación entre a que se atopaba un informe elaborado polo Comité do Comité de Prevención e Tratamento do Acoso da Fundación Instituto de Investigacións Sanitarias (FIDIS) con data do 18/03/2025 a raíz dunha denuncia por acoso laboral presentada pola doutoranda e outras tres compañeiras do grupo de investigación na FIDIS contra o Prof. Lage.

Este informe, favorable en primeira instancia ás denunciante, contaba unicamente coa sinatura das persoas asinantes da denuncia, polo tanto, sen as sinaturas do/s membro/s responsable/s do Comité de Prevención e Tratamento do Acoso da FIDIS e/ou da dirección da FIDIS.

Este informe do Comité de Prevención e Tratamento do Acoso da FIDIS foi solicitado oficialmente desde a EDIUS á dirección da FIDIS. Nembargantes, a dirección da Fundación negouse a entregalo alegando motivos de confidencialidade recollidos na súa normativa e procedementos internos. Ademais, a dirección da FIDIS tamén comunicou oficiosamente á

EDIUS que non compartía as conclusións e conseguíntes actuacións recomendadas recollidas no informe e que, polo tanto, non o facía seu e, polo tanto, non o asinaba.

A Comisión de Calidade da EDIUS, como órgano de resolución de conflitos segundo se establece no artigo 33 do Regulamento de Estudos de Doutoramento, analizou toda a documentación presentada, e realizous o preceptivo informe. Esta Comisión non considerou necesaria a realización do trámite de práctica de proba, constatando como veraz a existencia do conflito interpersoal. Asemade, na documentación achegada non constaba petición de testemuñal de certas persoas do grupo de investigación da doutoranda (directora e compañeiras), como así se afirma no recurso de alzada presentado.

No informe académico realizado pola Comisión de Calidade da EDIUS determináronse as medidas necesarias a implementar no programa de doutoramento para que a doutoranda puidese rematar e defender a súa tese evitando calquera contacto co seu director, actualmente en fase de finalización de redacción, e asegurando que o proceso de corrección do traballo de doutoramento fose realizado de xeito academicamente obxectivo.

Esta decisión fundamentouse no principio de prudencia, dado que a tese estaba na súa fase final de redacción e posterior defensa considerouse posible tomar medidas que asegurasen a eliminación de todo contacto entre doutoranda e director, polo que este último podería seguir figurando na dirección da tese ata a súa finalización, e polo tanto podendo contabilizar o mérito.

A decisión adoptada pola Comisión de Calidade da EDIUS foi distinta no caso da solicitude presentada por outra doutoranda (D^a. Valentina Serrano Cruz) tamén para a remoción do mesmo director de tese, Prof. Lage, e baixo as mesmas consideracións realizadas por D^a Marta Esther Vilar Sánchez. O informe académico da Comisión de Calidade da EDIUS recolleu neste caso a recomendación ao programa de doutoramento de Medicina Molecular de dar de baixa ao Prof. Lage como director da tese de D^a. Valentina Serrano Cruz xa que o grao de Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) desenvolvemento desta tese de doutoramento atopábase nun estadio completamente inicial e, oolo tanto, considerouse inviable a súa realización sen un contacto académico-científico directo co director da tese.

No recurso de alzada presentado por D^a. Marta Esther Vilar Sánchez apórtase nova documentación non recollida na solicitude orixinal. En particular, recóllense declaracións xuradas de varias persoas do grupo de investigación ao que pertence a reclamante (directora da tese e tres compañeiras do grupo de investigación), máis un informe médico-psicolóxico.

En vista da nova documentación presentada e, en particular, atendendo ás recomendacións médicas establecidas no informe médico-psicolóxico adxuntado e para evitar complicacións indesexables na saúde mental da reclamante, esta Escola de Doutoramento recomenda que o Prof. Ricardo Lage Fernández sexa dado de baixa como director da tese de doutoramento de D^a. Marta Esther Vilar Sánchez por parte do Programa de Doutoramento de Medicina Molecular.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión á 10:05 h.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: María Isabel Neira Gómez

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO,
DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 05/12/2025 09:34:17.

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL NEIRA GOMEZ,
NIF ***2557**, 05/12/2025 10:00:25.

CSV: C1B0-0FB1-4B48-972C